

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN - GAIN E A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA - AGACAL PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+I NOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DEPENDENTES E ADSCRITOS Á AGACAL

En Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Don Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para dito cargo polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actuando en nome e representación da Axencia Galega de Innovación (GAIN), na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia, nomeado para dito cargo polo Decreto 99/2018, do 26 de setembro, actuando en nome e representación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 52/2018, polo que se crea a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta Lei, no seu capítulo III, establece o Plan galego de investigación e innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O primeiro Plan que iniciou a senda de definición de políticas asociadas ao concepto de especialización intelixente foi o Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C). Este Plan é o

antecedente da vixente Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013, e que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para o período 2014-2020, estruturándose arredor de 3 Retos que orientarán a definición detallada da estratexia de actuación asociando a cada un destes retos unhas prioridades e liñas de acción específicas aliñadas cos obxectivos e os principais programas de innovación a nivel rexional, nacional e europeo.

SEGUNDO

Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. A Axencia está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen á mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

TERCEIRO

Que AGACAL é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos. A Axencia está adscrita á Consellería de Medio Rural; ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios e autonomía na súa xestión nos termos establecidos polos seus estatutos e demais normativa vixente de aplicación.

Que os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (artigo 10 – Funcións en materia de investigación) atribúen á mesma, as seguintes funcións: determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia; impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia; asesorar á consellería de Medio Rural nas funcións de coordinación da

investigación en materia agraria; promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais; e propiciar e facilitar a transferencia e adopción dos resultados obtidos nas investigacións en virtude do establecido na Lei 2/2005, de 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Que para o desenvolvemento destas funcións, AGACAL é responsable do control, xestión e administración dos seguintes centros de investigación:

- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Abegondo - A Coruña), do cal dependen a Estación Experimental de Gandaría de Montaña Marco da Curra (Monfero-A Coruña), a Estación Experimental Agrogandeira da Pobra do Brollón (Lugo) e a Estación Experimental Agrícola de Baixo Miño en Salceda de Caselas (Pontevedra).
- Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Leiro-Ourense), da cal depende a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia (Pontevedra).
- Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra).

CUARTO

Que a RIS3 Galicia define como un dos seus retos un *“Novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación”*. O ecosistema rexional existente neste reto engloba unha amalgama de axentes cunha rica diversidade na que aparecen representados os seguintes subsistemas de actores: o subsistema de xeración e difusión de coñecemento, o subsistema de explotación do coñecemento e o subsistema de Política Rexional.

Dentro do subsistema de xeración e difusión de coñecemento é salientable a capacidade de xeración de coñecemento pola ampla oferta científica vencellada ás áreas agrarias. Nesta oferta científica se atopan organismos públicos de investigación de carácter rexional como o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e o Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

QUINTO

Que, tendo en conta o anterior, a Axencia Galega de Innovación e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria consideran prioritario a promoción de actividades de I+D+i nos centros de investigación dependentes e adscritos a AGACAL e reseñados no expositivo terceiro. Froito deste interese común, as partes acordan a celebración do presente acordo de colaboración atendendo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

Este acordo ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Axencia da Calidade Alimentaria de Galicia para a promoción de actividades de I+D+i nos centros de investigación dependentes e adscritos a AGACAL a través do desenvolvemento de programas de I+D+i. Estes programas son un instrumento para canalizar o apoio financeiro dirixido á consolidación dos centros de coñecemento do sistema galego de I+D+i en función do cumprimento de obxectivos previamente establecidos na procura dunha investigación de excelencia.

Como anexo I ao presente acordo se recolle a previsión de indicadores de seguimento para a anualidade 2019.

SEGUNDA

Para cumprir co obxecto do presente acordo, GAIN transferirá a AGACAL a cantidade de 200.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.781.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2019.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2019
09.A3.561A.781.0	200.000,00 €

A devandita transferencia instrumentarase a través dos correspondentes documentos contables que permitan as achegas entre departamentos da Xunta de Galicia (Art. 64.1.g do Decreto Lexislativo 1/ 1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia).

TERCEIRA

AGACAL tramitará a correspondente ampliación de crédito, na aplicación orzamentaria 2019.14.A2.561A.6400 , para a execución das actuacións que se indican na cláusula seguinte e que se detallan no anexo a este acordo:

ACTUACIÓN/CENTRO	ANO 2019
AGACAL-Servizos Centrais-Área de investigación	10.000,00 €

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo	90.000,00 €
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia	50.000,00 €
Centro de Investigación Forestal de Lourizán	50.000,00 €
TOTAL	200.000,00 €

CUARTA

As actuacións que se levarán a cabo son:

- Apoio a transferencia da investigación desde os centros de I+D+i cara o mercado nun marco de innovación aberta.
- Mellora das ferramentas a disposición do persoal investigador para levar adiante unha investigación dun xeito práctico e eficiente.
- Incremento da presenza rexional, nacional e internacional dos centros de I+D+i a través do desenvolvemento de proxectos coordinados e multidisciplinares con especial atención ás convocatorias do H2020.
- Reforzamento das liñas de investigación existentes e apertura de novas liñas de interese para o sector agroalimentario e forestal.

QUINTA

AGACAL asume os seguintes compromisos:

- Destinar os fondos transferidos por GAIN a través do presente acordo ao cumprimento do obxecto establecido na cláusula Primeira.
- Garantir o desenvolvemento das actuacións.
- Informar a GAIN do desenvolvemento das actuacións nas reunións que se produzan no seo da Comisión de Seguimento prevista no presente acordo.
- Informar a GAIN dos resultados e indicadores das actuacións.
- Garantir que no desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio figuren os logos da Xunta de Galicia, AGACAL e GAIN.
- Presentar a GAIN, unha vez rematado o exercicio económico e no prazo máximo de tres meses, un informe de seguimento das actividades desenvolvidas onde se recolle a avaliación dos resultados e se detalle o destino do financiamento asignado a cada actuación.

SEXTA

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo créase unha comisión mixta de seguimento, de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Os conflitos que se formulen resolveranse pola comisión de seguimento e, no seu caso, aplicando as regras para resolver conflitos de atribucións [resolución mediante Decreto do Consello da Xunta, logo de ditame preceptivo do Consello Consultivo da Xunta de Galicia (artigo 4.12 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia e artigo 12 Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia).

SÉTIMA

O presente acordo terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo de que as actuacións obxecto do mesmo xa se iniciasen o 1 de xaneiro de 2019.

OITAVA


Segundo informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Innovación e Industria (na actualidade Consellería de Economía, Emprego e Industria) de data 21 de novembro de 2007, nos acordos de colaboración entre consellerías da Xunta de Galicia, ao tratarse de actuacións de coordinación interna entre consellerías que pertencen a unha mesma administración, non é preceptivo o informe da devandita Asesoría.

NOVENA

O presente acordo de colaboración terá carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e no seu defecto pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.


DÉCIMA

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente acordo, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indican ao comezo.

Pola Axencia Galega de Innovación



Francisco José Conde López

Pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria



Manuel Rodríguez Vázquez

(Por delegación do presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Resolución do 24 de abril de 2013, DOG núm. 85 do 3 de maio de 2013)

ANEXO I

TÁBOA DE ACTUACIÓNS

ACTUACIÓN nº 1. Descrición:-	
Apoio a transferencia da investigación desde os centros de I+D+i cara o mercado nun marco de innovación aberta.	
Centro no que se desenvolve:	Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Centro de Investigación Forestal de Lourizán e Estación de Enoloxía e Viticultura de Galicia
Indicadores:	Valor previsto:
Nº de visitantes das páxinas web dos centros de I+D+i	Mínimo 5.000 visitantes
Nº de congresos, simposios ou workshops autonómicos, nacionais ou internacionais promovidos	Mínimo 1 congreso/ano
Nº de noticias en medios (prensa, TV, radio, medios on-line)	Mínimo 50 noticias /ano
Nº de accións de divulgación por proxecto de investigación (europeos, nacionais e rexionais)	Mínimo 2 por proxecto
Nº de conferencias científicas impartidas en congresos internacionais o Nacionais	Mínimo 1 conferencia/ano
Descrición: Esta actuación pretende mellorar a transferencia dos resultados da I+d+i que se realiza nos centros de I+d+i da Consellería do Medio Rural ao sector agroalimentario e forestal. Para iso potenciaranse as páxinas web dos centros de I+d+i facilitando o acceso aos documentos de investigación producidos, mellorarase a busca dos mesmos, facilitando a difusión dos resultados xerados nas investigacións, a difusión de novas e a transferencia de coñecementos ao sector. Ademais potenciaranse a difusión das novas a través das redes sociais para facilitar o acceso do sector ás actividades de I+D+i realizadas polos centros. Fináncianse actuacións de mellora da difusión e promoción das actividades dos centros a través dos medios de comunicación tradicional (prensa, radio, etc). Ao mesmo tempo apoiarase a realización e participación en congresos, simposios ou workshops autonómicos, nacionais e internacionais para promover a transferencia dos resultados. En definitiva trátase de difundir no sector agroalimentario e forestal as investigacións que poidan ser do seu interese, colaborando coas empresas para a posta en valor da investigación realizada por parte da Consellería do Medio Rural.	
ACTUACIÓN nº 2. Descrición:-	
Mellora das ferramentas a disposición do persoal investigador para levar adiante unha investigación dun xeito práctico e eficiente.	
Centro no que se desenvolve:	Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Centro de Investigación Forestal de Lourizán e Estación de Enoloxía e Viticultura de Galicia
Indicadores:	Valor previsto:
Nº de publicacións (SCI+técnicas+divulgación)/Nº EJC	2,0 publicacións por EJC
Descrición: Mediante esta actuación búscase dar un salto de calidade nas ferramentas que os	

investigadores poden manexar para poder facilitar a I+D+i e a competitividade dos grupos de investigación no contexto nacional e internacional. Financiaranse a compra e aluguer de programas estatísticos (SAS, SPSS, etc.), programas de toma de datos e imaxes e vídeos no campo que permitan que mediante equipos electrónicos se aceleren os traballos de toma de datos en campo e posterior volcado nos equipos informáticos. Financiarase a xestión integral, a compra e o mantemento de equipamento de laboratorio e informáticos, e demais ferramentas ou equipos de toma de datos de campo para evitar tempos mortos provocados por fallas de mantemento ou calibración dos equipos (no seu caso financiarase o apoio mediante emprego de equipos externos). Financiarase a dotación de fondos bibliográficos nas bibliotecas e o custo de acceso as bases de datos de BUGALICIA.

ACTUACIÓN nº 3. Descrición:-

Incremento da presenza autonómica, nacional e internacional dos centros de I+D+i a través do desenvolvemento de proxectos coordinados e multidisciplinares con especial atención as convocatorias do H2020.

Centro no que se desenvolve:	Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Centro de Investigación Forestal de Lourizán e Estación de Enoloxía e Viticultura de Galicia
-------------------------------------	--

Indicadores:	Valor previsto:
Presenza institucional dos centros de I+D+i e o AGACAL en eventos nacionais e internacionais e autonómicos	Mínimo dous eventos/ano
Participación en candidaturas de proxectos a nivel autonómico, nacional e internacional	Mínimo dous proxectos/ano
Participación en redes internacionais de investigación	Mínimo participación nunha rede/ano

Descrición: Financiaranse actividades de coordinación entre os centros de I+D+i da consellería de Medio Rural para definir proxectos de interese estratéxico para o sector agroalimentario e forestal en Galicia. Ao mesmo tempo traballárase na busca de socios para levar adiante estes proxectos no ámbito nacional e internacional (principalmente H2020) de modo que se fortalezan as redes e as conexións da I+D+i feita en Galicia coa feita no resto do Estado e no ámbito da UE e internacional. Para levar adiante estas ideas de proxecto financiarase a presenza dos centros de I+D+i e a AGACAL en eventos autonómicos, nacionais e/ou internacionais, viaxes e reunións que permitan a consolidación de ideas de proxectos e redes que doutro xeito terían difícil financiamento.

ACTUACIÓN nº 4. Descrición:-

Reforzamento das liñas de investigación existentes e apertura de novas liñas de interese para o sector agroalimentario e forestal.

Centro no que se desenvolve:	Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Centro de Investigación Forestal de Lourizán e Estación de Enoloxía e Viticultura de Galicia
-------------------------------------	--

Indicadores:	Valor previsto:
Nº de estudos realizados	Mínimo un estudo financiado
Nº de liñas de investigación reforzadas ou novas postas en funcionamento	Mínimo unha liña reforzada ou posta en marcha
Nº de Convenios realizados para poñer en marcha novas liñas de investigación ou consolidar liñas xa abertas	Mínimo un Convenio

Descrición: Poderase financiar a contratación de persoal investigador ou en formación (bolseiros) para reforzar ou poñer en marcha liñas de investigación e estudos de interese estratéxico para a Consellería do Medio Rural e para o sector agroalimentario e forestal. Nesta actuación cabe tamén o financiamento dos gastos de estudos, asistencia técnica ou servizos concretos podendo financiar o custo dos mesmos e a súa transferencia ao sector.

NOTA.- Os indicadores entenderanse cumpridos cando o sumatorio das actuacións de tódolos centros onde se desenvolven sexa igual ou superior ao valor previsto.

